A TRISTE HISTORIA DO MUNDO FACENDO.

MÚSICA

PRESENTADOR –

NENOS E NENAS
SEÑORAS E SEÑORES
CUBERTOS E CUBERTORES
COITELOS E TENEDORES
POÑEDE MOITA ATENCIÓN
POIS IDES VER COMO
ESTA HISTORIA ~~ESCOMEZOU~~
TRISTEMENTE ESCOMEZOU.

SOA UNHA MÚSICA — MÚSICA.

SAE UN RELOXIO VELLO QUE BAILA
ESQ

PRESENTADOR –

FAI MOITO TEMPO
CANDO AO TEMPO
LLE SOBRABA TEMPO
PARA PERDE-LO TEMPO ...

CANDO A TERRA ERA GUAPA
E O SOL A NAMORABA ...

FOI CANDO PASOU
QUE NON PASOU NADA

¿NADA?

¡CLARO QUE ALGO PASABA!

RUIDOS

PRIMEIRO APARECERON OS HOMES
QUE COMEZARON A MULTIPLICARSE.

SAEN HOMES TODOS XUNTOS FACENDO ¡BLA! ¡BLA! ¡BLA!

O RELOXIO VELLO ESCAPA — * DIÁLOGO HOMES + RELOXIO.
ESQ

LOGO CONSTRUÍRON
CASAS E CIDADES
NO SITIO DAS ÁRBORES

MÚSICA →
APAREZEN RASCACEOS

E LOGO CONSTRUÍRON ...
PERO, ¿QUE È ISTO? ...

RUIDOS →
SAEN COCHES, AVIONS, OS HOMES TODOS CHOCANDO E FACENDO RUIDOS.
O PRESENTADOR ESCAPA.

ENTRA O RELOXIO COMPUTADORA MODERNO
ESQ

RELOXIO MODERNO - ¡PRESA, PRESA!
TEÑO MOITA PRESA
CASEQUE NON TEÑO TEMPO
¡UF, QUE PRESA LEVO!
¡PRESA, PRESA!
TEÑO MOITA PRESA.

ENTRA O RELOXIO VELLO E TROPEZA CO RELOXIO MODERNO
DTA

RELOXIO MODERNO - ¡ALTO! ¿QUEN ES TI?
MOSTRAME A DOCUMENTACIÓN

RELOXIO VELLO - NON TEÑO DOCUMENTACIÓN

RELOXIO MODERNO ¡POIS QUEDAS DETIDO!
POR VAGO E MALEANTE
POR MISERENTO E MANGANTE

RELOXIO VELLO - PERO, SE EU ...

RELOXIO MODERNO - ¡NADA DE QUEIXAS!
¡QUEDAS DETIDO
EN NOME DA CIVILIZACIÓN!
POIS NESTES TEMPOS
NON HAI TEMPO
PARA O TEMPO
QUE LLE GOSTE
PERDE-LO TEMPO

SAEN OS RELOXIOS. DTA

MÚSICA

ENTRA O PRESENTADOR ESQ

PRESENTADOR NA TERRA
XA NON QUEDA TEMPO
PARA O QUE QUEIRA
VIVIR CONTENTO ...

A TERRA ESTÁ TRISTE
ESTÁ ENFERMA
E ESCACHAFLADA

¡ATENCIÓN!
MIRADE O QUE
ACONTECEU A CONTINUACIÓN.

APARECE A TERRA TOSENDO E LAIANDOSE

TERRA — ¡Ai, Ai, Ai, Ai!
¡qve malita estov!
¡Hui, Hui, Hui!
como ne doe aqui
¡atchusss!

ENTRA UN NÉDICO E EXAMINA Á TERRA

NÉDICO - ¡malo, malisimo!
¡uf! ¡mais qve malo malisimo!
¡pior!

TERRA - ¡Ai, como ne doe!

MÉDICO - o mal da terra
temos de curar
e como é cousa do coraźon
deica el temos qve chegar
¡pon! ¡pon!
para qve sane sanica
a nosa terra chica.
voume prrrpara alá

VAISE O MÉDICO E A TERRA
SAE O PRESENTADOR.

PRESENTADOR - e asi foi como
mariano o ciruxano
encaminouse ata
o nésnisino coraźon da terra e
terraqvea.

MÚSICA →

APAREZEN OS TRAPALLEIROS QVE DURMEN
ENTRA O CAPITAN ARAÑA

CAPITAN ARAÑA – ¿XA ESTADES A DURMIR DE NOVO?
¡ATENCIÓN! ¡CHISPÓN!
¡EN PÉ CANDO EU CONTE TRES:
A DE VNHA, A DE DUAS E A DE TRES

TRAPALLAS 1 – A SUAS ORDES
CAPITAN ARAÑA

TRAPALLAS 2 – VOSTEDE MANDA
CAPITÁN

CAPITAN ARAÑA – ¡CLARO QVE MANDO!
E POR ISO MANDO
QVE VIXIEDES O
CAMIÑO DA DEREITA
E O DA ESQVERDA TAMÉN

TRAPALLAS 1 – NOS GARDAMOS OS CAMIÑOS

TRAPALLAS 2 – COMO GARDA
A SUA TINTA O CALAMAR

CAPITAN ARAÑA – A VER SI É CERTO
NON VAIA SER
QVE VOS TEÑA
QVE ARRESTAR.

VAISE O CAPITAN ARAÑA.

ENTRA MARIANO O MÉDICO CIRUXANO.

MÉDICO - ¡XA CHEGUEI!

TRAPALLAS 1 - ¡ALTO, NINGURRILLAS!
¿QUEN ES TÍ?

MÉDICO - SON MARIANO O CIRUXANO

TRAPALLAS 2 - ¿E QUE FAS AQUÍ?

MÉDICO - VOU CARA O CORAZÓN DA TERRA
QUE LATE SEN TON NIN SON.

TRAPALLAS 2 - POIS PARA IR ALÍ
TES QUE IR POR UN
DESTES CAMIÑOS

TRAPALLAS 1 - DOS QUE UN SÓ
É O QUE LEVA
CARA O CORAZÓN DA TERRA

MÉDICO - ¿E COMO SABEREI
CAL É O QUE TEÑO
QUE COLLER?

TRAPALLAS 2 - E MOI FÁCIL DE SABER
SE A NOSA ADIVIÑA
SABES RESOLVER

~~TRAPALLAS 1~~ ~~DA SON UN TRAPALLEIRO~~
~~VERDADEIRO~~

TRAPALLAS 2 — UN DE NOS DIRACHE
A VERDADE

TRAPALLAS 1 — E O OUTRO MENTIRACHE

MÉDICO — ¡AXIÑA! A ADIVIÑA CONTAR
QUE A DOENZA DA TERRA
HEI DE CURAR.

TRAPALLAS 1 — HAI 2 CAMIÑOS

TRAPALLAS 2 DE CAMIÑAR

TRAPALLAS 1 - VN É DE VERDADE

TRAPALLAS 2 - E O OUTRO É DE MENTIRA

TRAPALLAS 1 - O DA DEREITA
É VERDADE QUE
TEN ALGO DE MENTIRA

TRAPALLAS 2 - O DA ESQUERDA
É TAN MENTIRA
COMO VERDADE

TRAPALLAS 1 - ¿CAL ESCOLLES?

MÉDICO — NON O SEI,
¡AH! VOULLE PEDIR AXUDA
ÓS NENOS QUE ESTÁN AHÍ ABAIXO.
¡NENOS!
¿QUÉ CAMIÑO ESCOLLEREI?
~~¿O DA DEREITA OU O DA ESQUERDA?~~

TRAPALLAS 1 — ¡NENOS!
NON LLE DIGAS
QUE O CAMIÑO BO É
O DA DEREITA

TRAPALLAS 2 — ¡RAPACES!
NOS VOS CHIVAR DE
QUE O CAMIÑO QUE
TEN QUE COLLER É O
DA DEREITA.

NÉDICO ¡NENOS!
¿CAL É O CAMIÑO QUE
TEÑO QUE COLLER?
. . . . . .

¿COMO DICIDES?
. . . . . .

POLA DEREITA
. . . . . .
MOI BEN, GRACIÑAS
POLA VOSA AXUDA
¡ADEUS!

VAISE POLA DEREITA O ~~MMMM~~ NÉDICO NAKIANO.

VANSE OS TRAPALLAS. DISCUTINDO <-> INVENTAR.

MÚSICA
ENTRA O PRESENTADOR

PRESENTADOR — NON PENSEDES QUE XA TODO REMATOU
¡NON!
POIS O CONTO SEGUE SEN SOLUCIÓN
¡MIRADE O QUE SUCEDEU A CONTINUACIÓN!

CARÁCOLO — ¡QUETOS OS DOUS!
DEIXADEVOS DE ZOSCAR
QUE A SOLUCIÓN
ACABO DE ATOPAR

NÉDICO — ¿A SOLUCIÓN PARA
SANAR A TERRA?

CARÁCOLO — ¡ISO É!
A TERRA ESTÁ TRISTE
PORQUE TODO O MUNDO
ESTA EMPORCANDOA

NÉDICO — CON RESÍDUOS RADIOACTIVOS

CARÁCOLO CON NERDAS QUÍNICAS

NÉDICO — CON FUMES CONTAMINANTES

CARÁCOLO — CON BASURA NAS RÚAS

NÉDICO ETCÉTERA
ETCÉTERA

CARÁCOLO A SOLUCIÓN
ESTÁ EN UTILIZAR
BEN AS COUSAS DO PROGRESO

SERPE — ¿E EU QUE PINTO EN TODO ESTO?

CARÁCOLO — TI QUE ES A GUARDIANA
DO CORAZÓN DO MUNDO
TES QUE FACER CA XENTE
NON SEXA RUÍN.

ENTRA PORCALLAN

PORCALLAN — ¡QUE É O QUE VEXO!
¡UNHA FLOR NO MEU ESTERQUEIRO!
¡TIRARON UNHA FLOR!
¡PUAG!
¡QUE MAL CHEIRA!

ENTRA O NÉDICO

NÉDICO - ¡UF! ¡UF!
CHEIRA A PES
SEN LAVAR DURANTE UN MES.

PORCALLAN - ¡AQUÍ CHEIRA A MIN!

NÉDICO — ESCOITA, COUSA CHEIRENTA
NOXENTA E FEDENTA
¿DIME CAL É O CAMIÑO
QUE LEVA Ó CENTRO DA TERRA?

PORCALLAN - ¿E POR QUE QUERES
IR Ó CENTRO DA TERRA?

MÉDICO - PARA CURARLLE O
CORAZON A TERRA
QUE ESTA NOI ENFERMA.

PORCALLAN - PERO SI SANAS A TERRA
XA NINGUEN TIRARA MERDA
E NON TEREI TRABALLO

NÉDICO NON, HOME NON
SI A TERRA PONSE BEN
TI SEGUIRAS A TER TRABALLO.

PORCALLAN - ¿COMO?

MÉDICO - COMENDO...
PERO SI É MOI FÁCIL
CON TANTO ESTERCO
QUE LEVAS POSTO
PODERÁS ABONAR A TERRA
PARA QUE MEDREN
AS FLORES, AS ÁRBORES
OS FROITOS E AS COLIFLORES.

PORCALLAN - ¿TODO ISO PODEREINO
FACER EU?

MÉDICO - POIS CLARO QUE SÍ

PORCALLAN - ¡AI QUE BEN! VOUCHE AXUDAR:
SE QUERES IR Ó CENTRO DA TERRA
VAI POR ALÍ.

MÉDICO - GRACIÑAS, PORCALLAN

PORCALLAN - DE NADA, MARIANO.

VAISE O MÉDICO.

PORCALLAN - ¡QUE BEN!
SE A TERRA SANA
EU SEREI O SEMENTADOR
DAS PLANTAS BONITAS
DO MUNDO FACUNDO.

VAISE PORCALLAN.

ENTRA O HOME DE FUME

HOME DE FUME — LUME
LUME DE VIQUEIRA
LVME

ENTRA O NÉDICO NARIANO

NÉDICO — ESTE SEÑOR FUMEA QUE CHAMUSCA

OIGA SEÑOR
SENTAME MAL
TANTO FUME

HOME FUME — O FUME É BO
DIGOCHO EU
QUE SON O HOME DO FUME
BOTAFUMEIRO

NÉDICO — ¿CÓMO É QUE BOTA TANTO FUME?

HOME FUME — BOTO FUME
PORQUE FUMO

NÉDICO — ¿QUE É FUMAR?

HOME FUME — FUMAR É O GRAN DEPORTE
DE TRAGA-LO FUME
PARA LOGO VOLVELO BOTAR

NÉDICO — DEIXATE DE LERIAS
QUE VOU VER SE ATOPO
O CAMIÑO QUE ME LEVARA
Ó CENTRO DA TERRA.

HOME FUME – ¡QUETO MARIANO!
Ó CENTRO DA TERRA
NON PODES IR.

NÉDICO ¿QUEN NO PROHIBE?

HOME FUME – EU, QUE SON A CONTAMINACIÓN

NÉDICO – TIRIRI, TIRIRI
A MIN NON ME COLLES
QUE ME VOU POR ALÍ

HOME FUME – ¿ONDE VAS CAIFAS?

NÉDICO – A ESTOMAR ME DO TEU FUME

MÚSICA – ESCAPAR –

VANSE OS DOUS UN DETRAS DO OUTRO.

APARECEN O HOME E A MULLER DE PEDRA

ENTRA O NÉDICO

NÉDICO – SIGO SEN ATOPAR
O CAMIÑO DO CENTRO DA TERRA

ENTRAN O HOME E A MULLER DE PEDRA.

PEDROLO – ¿QUEN ES TI?

MÉDICO – SON MARIANO
O QUE TOCA O PIANO

PEDRIÑA — ¿QUE FAS AQUÍ?

NÉDICO — ANDO A PASEAR
¿E VOS QUEN SODES?

PEDROLO — SOMOS OS GARDAS
DA ENTRADA DO CENTRO DA TERRA

PEDRIÑA — IRMÁN, IMOS GARDAR
A ENTRADA DO CENTRO DA TERRA

NÉDICO — TEÑO QUE PENSAR
COMO DESPISTAR ÓS GARDAS
DO CENTRO DA TERRA.

¡XA O SEI!

¡EH! AMIGOS

PEDROLO — ¿QUE QUERES NARIANO?

NÉDICO — EU PENSO QUE ESE BURATO
NON LEVA CARA O CENTRO DA TERRA

PEDRIÑA — ¡CLARO QUE SI!

MÉDICO — NON E NON

PEDROLO — ENTRA NEL E
XA VERAS COMO SI

PEDRIÑA — ENTRA E CONVENCETE.

MÉDICO – ESTÁ BEN,
BAIXAREI A MIRAR
SE É CERTO QUE
LEVA Ó CENTRO DA TERRA

(APARTE) ¡NENOS!
¡JI, JI, JI!
ENGANEI OS GARDANS
¡JO JO JO!
ALA VOU.

O MÉDICO DESAPAREZE PARA ABAIXO.

PEDRIÑA. ¡EH, PEDROLO!
O MARIANO NON
DA SAÍDO DA COVA

PEDROLO. PARA FIN
QUE NOS ENGANOU.
PEDRIÑA ¿QUE PODEMOS FACER?

PEDRIÑA – IR TRAS DEL.
MÚSICA – TERREMOTO.
DESAPAREZEN OS PEDROLOS.

SAE O PRESENTADOR. MÚSICA –

PRESENTADOR – E AÍ FOI
COMO MARIANO O CIRUXANO
PUIDO ENTRAR
NA COVA NA QUE SE ATOPABA
O CORAZON DA TERRA...
¡PERO, AINDA O CONTO NON
REMATOU!

VEDE AS AVENTURAS
QVE Ò NOSO AMIGO
LLE SUCEDERON A CONTINUACIÓN

VAÍSE O PRESENTADOR
APARECE UN CORAZON CHEO DE MERDA.
ENTRA O MÉDICO.

MÉDICO – ¡CHA CHAN!
¡CHA CHAN!
XA CHEGUEI
E DAME A CORAZONADA
QVE O CORAZÓN
É ESTA PORCALLADA...

CORAZON – ¡Ai, Ai!

MÉDICO VOUNO LIMPAR.

NESO APARECE A SERPE SERPENTINA

SERPE – MARIANO NARRANO
VOVCHE ZOSCAR
¡Ai!

MÉDICO – CALA LANORÚ
DEMO DE SERPE
¡TURURÚ! VAITES
SE NON QUERES
QUE TE PIQUE NO CÚ.

SERPE – SON A SERPE
SERPENTINA
E HEICHE NALLAR
POR DEIXARME NA RUINA.

NÉDICO - NA RUINA
FICARÁS TI E A TUA PRIMA
POR DEIXAR Ó CORAZÓN
COMA UN CAGALLÓN.

SERPE - ¡EN GARDA!
¡PREPARATE!
POIS MENUDA
PENEIRA VOUCHE DAR.

(PEGA O NÉDICO UN SALTO) MÚSICA PERSECUCIÓN

NÉDICO - ¡ZACA!
UN SALTO ATÓPOME AQUÍ

SERPE - ¡ESTATE QUETO!
MARIANO

NÉDICO - SI, SI
QUE SI QUEDO QUETO
ATOPAREÍME UN APRETO

PEGA OUTRO SALTO.
SE PERSIGUEN UN A O OUTRO.
DESAPAREZEN.
ENTRA O NÉDICO

NÉDICO - ¡UF QUE SUSTO
ME DEU A SERPE SERPENTINA!
VOU A LIMPAR O CORAZÓN.
¡MENOS SE VEN A SERPE
AVISADEME!
¿DACORDO?

. . - . - - .

O MÉDICO SEGUE LIMPANDO O CORAZÓN
CORAZON ——— ¡Ai, Ai!
ENTRA A SERPE

SERPE — NENOS NON LLE DIGÁS
A MARIANO QUE ESTOU AQUÍ

- - - - - - - -

VAISE A SERPE.

MÉDICO ¿QUE PASA?
¿POR QUE BERRADES? ¡AH, NON PASA NADA!
NENOS, AVISADEME
SE VEN A SERPE SERPENTINA.
¿VALE?

ENTRA A SERPE

- - - - - - - - -

MÉDICO — ¿QUE SUCEDE?

SERPE — ¡XA TE PILLEI! (SERPE RODEA Ó MEDICO)
E AGORA VOU DURMIR.

A SERPE RODEA O MÉDICO MARIANO.

MARIANO — ¿QUE VAI SER DE MIN?
NENOS AXUDADEME
A CHAMAR O CARÁCOLO XUSTICIEIRO.
A DE UNHA, A DE DUAS E A DE TRES.
CARACOLO
CARACOLO
CARACOLO

ENTRA O CARACOLO XUSTICIEIRO.

CARÁCOLO – TRIQUI TRAQUE BADULAQUÉ
¿QUEN ME CHAMOU?

NÉDICO – FUN EU.

CARÁCOLO – ¿QUEN ES TI?

NÉDICO – PRIMEIRO SOLTAME

CARÁCOLO – DITO E FEITO

NÉDICO – LOGO AXUDAME
A ~~CA~~TIGAR A ESTA SERPE
SERPENTINA.

CARÁCOLO – ¿QUE FIXO LOGO?

NÉDICO – ~~TROUXO~~ TROUXO UN LOTE DE CAGARRUTAS
E TEN ENCAGARROUTADO
O CORAZÓN DA TERRA

CARÁCOLO ¡IMOS PENSAR
COMO SOLUCIONAR
ESTA CAGARROUTADA.

O CARACOLO VAISE A UNHA BEIRA A PENSAR
NISO A SERPE DESPERTA E COMENZA A PELEXAR CON
NARIANO.

NÉDICO – ¡AI, AI, AI!
¡HUI, HUI, HUI!

CARÁCULO – ¡QUETOS OS DOUS!
DEIXADEVOS DE ZOSCAR
QUE A SOLUCIÓN
ACABO DE ATOPAR

NÉDICO – ¿A SOLUCIÓN PARA
SANAR A TERRA?

CARÁCULO – ¡ISO É!
A TERRA ESTÁ TRISTE
PORQUE TODO O MUNDO
ESTA EMPORCANDOA

NÉDICO – CON RESÍDUOS RADIOACTIVOS

CARÁCULO CON NERDAS QUÍNICAS

NÉDICO – CON FUMES CONTAMINANTES

CARÁCULO – CON BASURA NAS RÚAS

NÉDICO ETCÉTERA
ETCÉTERA

CARÁCULO A SOLUCIÓN
ESTÁ EN UTILIZAR
BEN AS COUSAS DO PROGRESO

SERPE – ¿E EU QUE PINTO EN TODO ESTO?

CARÁCULO – TI QUE ES A GUARDIANA
DO CORAZÓN DO MUNDO
TES QUE FACER CA XENTE
NON SEXA RUÍN.

SERPE — ¡XA O ENTENDÍN!
¡PARA QVE NEDREN AS FLORES,
AS ARBORES E AS COLIFLORES!

AS CAGARRUTAS HEI DE QUITAR
DO CORAZÓN DA TERRA

CORAZÓN - ISO, ISO
EMPEZADE XA
¡QUERO ESTAR LIMPO
E RECIENTE!

LIMPAN O CORAZÓN. RUXIQUILLA —

MÉDICO - E AGORA QUE O
CORAZÓN ESTA
DESENCA GARROUTADO
E A TERRA VOLVE
A SER LIMPA...

~~TERRA~~
~~CORAZÓN~~ CARÁCULO — A OBRA REMATA
REMATANDO

~~CARÁCULO~~ — ~~NON REMATA~~
~~BAILANDO~~

CORAZÓN - CARÁCULO ¿NON TE ESQUECES DE NADA?

CARÁCULO - ¡AH, SI!
TODOS OS QVE NESTA
OBRA PARTICIPAMOS
REMATAMOS BAILANDO.

SAEN TODOS E BAILAN

FIN